

# A·N·S·A·T·E·R·R·A

## BOLETIN DESENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN  
Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.  
Coste d'un número, 15 • América id... 2  
PAGO ADIANTADO

NUMERO 113

A CRUÑA, 5 DE MARZO DE 1920

Redacción e Admistración:  
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO  
(Irmandade da Fala)

### O que habería que falar nas Cortes

### A custión das carnes conxeadas

«Xan de Aragón» xornalista burdo e zoupeiro, que moitos parvos admiran, publicou no «Correspondencia de España» do 26 do mes derradeiro, un artigo comentando a proposición que algúns diputados «galegos» presentaron no Congreso pidindo que se suspenda a importación e comercio das carnes conxeadas namentes non se resolva o expediente oportuno.

«Xan d'Aragón» argumenta que tod'o mundo consume daquelas carnes e que os defensores da citada proposición son tristes localistas. Non sabemos o que dicirán na Europa, en África, en Asia, en América e na «Oceandría» —caray c' o solenísimo Romeo!— candle se enteren de que na Hespaña hai xentes que s'oponen á introdución de carnes conxeadas. O que dicimos nós, é que Galicia, escrava ecómicamente das comenencias das rexios favorecidas polo centralismo dende fai longos anos, agora resultará moito mais escrava ainda, si se tolera a introdución na Hespaña d'aquele artigo alimenticio, que xa comezou.

Por estaren favorecidas arancelariamente as rexios do centro —viva a hexemonía castelán!— Galicia, como se ten probado en folletos moi intresantes obra dos galeguistas, non pode, nin poderá nunca, mentres aquel favoritismo non desaparezca, desenvolver as suas riquezas creando as industrias que mais v'axeitan ás nosas características naturaes.

Desaparezca ese favoritismo, autorícese a libre introducción do mainzo, dé-nos un porto franco no que se poida manipular aquel cereal e mais facer tortas forraxeiras, concédansenos os ferrocarrís, carreteiras, camiños veciñas, estacions telegráficas e telefónicas que per-

cisamos, i-entón que veñan cantas carnes conxeadas deseie «Xan d'Aragón».

Entramente esto non soceda, autorizar a entrada d'aquelas carnes é o mesmo que matar de vez a única defensa do agro galego, onde xa a vida non resulta moi dodata e onde a emigración costituye arma fraticida e terribre.

Eso de que sigan esprotando a Galicia os trigueiros do Centro, os señores feudales do cerealismo e das reses bravas; eso de que Galicia siga pagando o direito a comer pan por moitos millós de pesetas, resulta un «inri». E inda hai parvos que se sinten centralistas hespñoleiros?

Galicia, dend'o século XV, foi sempre desprezada i-aldraxada pol-as más rexios peninsulares, e sigue séndoo. A Galicia agora, queren contentala dicindolle, com'o poeta de marras, «eres bonita y eso te basta».

Pois Galicia, a Galicia que se sinte a si mesma, que pensa por conta propia—a Galicia nazonalista—planteia o pleito que se ven discutindo, d'este xeito: Que s'autorice a introducción de carnes conxeadas, pro sempre que ó mesmo tempo as Cortes aproben un réxime económico de librecambio pra Hespaña».

¡Oh si houbese algún dos diputados cuneiros galegos que dixerá ésto no Palamento! (Disgracia da nosa Terra que non poida ter nas Cortes un representante nazonalista!).

Porque na Hespaña, somente Galicia viviría ben e progresaría súpetamente, pra pórse a outura das más comarcas europeas da natureza somellante a ela, c'un réxime librecambista. Teríamos d'aquela os nosos mercados no estranxeiro; a nosa privilexiada situación atlántica farífanos ver milagres, e a cu-

tión dos límites pesqueiros con Portugal ficaría resolta.

¡Pobres Castela, Aragón e Estremadura seu o protecionismo bárbaro dogarancés autuaes feitos pra que n'aquelas terras poida haber moitos ricachós e moiisimos labregos escravos! ¡Pobres ainda tamén Cataluña, Asturias e Euskadi, sen aquel protecionismo!

Mais pra que todolos ditos pobos podan ter oxe progresos, percisa a Hespaña centralista que Galicia sexa escrava, atrasada e mansa.

Pensade ben n'estas cousas; pensade ben (Sr. Cueto, ¡qué lle parez don nazonalistas?) e logo decídenos si podería haber algún galego caso de que o senso común fose mais común do qu' é que non viñera ó noso santo, xusto, e redentor movemento.

ANVICO

### Lembrand'os nosos

### CURROS, CHANÉ, PONDAL

Cumpríuse xa un novo aniversario da morte de Chané. Cumpren os de Curros e Pondal.

Nosoutros que vimos a cotío honrando a memoria d'aqueles inesquecibles galegos que na poesía e na música fixaron a i-alma imortal da nosa Raza, oxe ó lembraos outra vez cando a triste efemérides da sua perda pr' o mundo asinalase no reló do tempo, pidímoslle ós nosos leutores que garden sempre unha fonda admiración e un fondonísimo amore para a gloriosa lembranza dos mesmos.

Curros, Pondal e Chané teñen que vivir eternamente no corazón dos patriotas enxebres.

## Estudios críticos

## Un libro de Teixeira de Pascoaes

## Os poetas lusiadas (1919)

...Portugal que se revê na Galiza, encantado como n'um espelho maravilhoso que ao seu velho perfil restituisse o frescor, a graça, a luz da infância». *Teixeira de Pascoaes* «Os poetas lusiadas». Porto, 1919, pax. 273.

Eis o meirande poeta da Iberia, o poeta de Portugal. Os nosos coñecen e aman a Teixeira de Pascoaes: Viqueira, Cabanillas, Villar Ponte... Porteiro citábaoo como Mestre... E que o Teixeira descubriu a i-alma galega ó descobrir a i-alma lusiada. «Queredes unha verba que vos espresen a i-alma galega? —di Viqueira— Eu vol-a direi: Saudade! A Saudade é a i-alma de Portugal que descubriu Teixeira de Pascoaes...

Mais, temos antre nós tantos que o haxan lido? Non. Os mais non pasaron ainda de Eça de Queiroz e de Guerra Junqueiro, ieso non é coñecer a Portugal. Aqueles dous son os menos expresivos da i-alma lusiada. Dos dous hei falar un día, hoxe non. As novas xeneracións de Portugal prefiren a outros mais nacionaes, Antonio Nobre, por exemplo, cecais o mais portugués do século XIX, e Camillo Castello Branco. No entanto, antre nós, cantos hai que pensan que Felipe Trigo e Pedro Mata teñen importancia.

Teixeira estudia no seu libro «Os poetas lusiadas», a aqueles somentes que representan o sentimento mais íntimo i-orixinal da Raza. Fai a «historia transcendente» de Portugal, percorrendo a sua literatura. «O objecto da Historia vulgar—di— é a acción, o corpo. Mas o sonho d'un homem ou d'un Povo é mais interessante que a sua actividade material, idéntica á dos outros animais. Tudo se resume n'esta palavra: guerra... Mas se volvemos os olhos para o sonho d'un Povo sonhado pelos poetas, que são os eleitos da sua alma (como os guerreiros são os eleitos do seu corpo) divisamos o sentido cósmico e religioso da sua existencia; o que ele é na «verdade» superior e não na «idade» inferior que o irmana a todos os outros seres...»

O sentimento mais íntimo i-orixinal da Raza encarna n'unha verba: SAUDADE... Lembrádesvos de Pondal!:

Mil escuras saudades  
cebando os ecos vai...

E Rosalía:

Non m'olvides, queridña  
Si morro de soildas...

«A memoria de Rosalía de Castro e Joan Maragall—di a dedicación de «Os poetas lusiadas...»

SAUDADE... «ha palavras que são estrelas». Quen dirá o que é esta Saudade, que é toda a i-alma lusiada e toda a i-alma galaica, cecais heredamento das razas que fitan ó Atlántico azul...? O poeta de Portugal responde:

«E a lembrança e a Esperança casadas e excedidas n'um além de misteriosa e religiosa ansiedade; campo infinito para todas as especulações sentimentaes e intelectuaes. Nunca os poetas conseguíron defini-lo ou esgotá-lo. A saudade tem um valor primacial na nossa Arte. Acompanhala na sua evolución é fazer a nossa historia religiosa e poética. O que fóra d'este sentimento se tem escrito em verso portuguez, pouco ou nada interessa a estrangeiros, porque exprime vulgaridades comuns a todas as raças».

Eis a Saudade, «a nosa» Saudade... «O Portugal de Camões, a Galiza de Rosalía, a Catalunha de Maragall são os Reinos da Saudade»— di Teixeira. O «Saudosismo» é o credo dos novos en Portugal. Dende «Sempre», o primeiro libro de Teixeira de Pascoaes publicado en 1897, cando o poeta tiña vinte anos, toda a sua arte e todo o seu pensamento é saudosismo, como saudosismo é a arte de Lopes Vieira, que fai poemas sebastianistas cheos de vago misterio: e saudosismo é o pensamento criacionista de Leonardo Coimbra, o filósofo das fondas intuicións.

Teixeira espuxo a doctrina en «O Espírito Lusitano, ou o Saudosismo» en 1912; en «O genio portugués», 1913; en «Era lusiada», 1914, en «Arte de ser portugués», 1915, i-ainda promete desenvolver-a materia do capítulo derradeiro de «Os poetas lusiadas», que se titula «Do pensamento saudoso», n'outro volume. I-eso que pensa que o que fai é, un pouco, padricular en deserto! Qu'houbera pensado, meu Deus, se vivira i-escrivira pra Galicia! Mais, nas suas verbas citadas ó principio, hai un consolo pra nós: pensar que o sono d'un pobo é mais interesante do que a sua actividade material.. Soñemos nós, saudosamente, pondo n'un Alén de venturanza a Galicia nosa, redimida e lumirosa...

«Os poetas lusiadas» é unha colección de parolas ou conferencias feitas en Barcelona, onde forá, chamado polo ilustre Xenius, o gran poeta lusitano, no mes de San Xohan de 1918. Esí fai as cousas Cataluña, eterno exemplo

pra nós, sempre ignorantes como estamos de todo o que nonos descobre a frívola e valdeira prensa de Madrid...

A Saudade é o «deit-motiv» d'esas parolas, porque é o «leit-motiv» da verdadeira literatura portuguesa; o «dei-motiv» da i-alma lusiada, como é o da i-alma galega... Por eso, a poesía portuguesa i-a poesía galega son eminentemente líricas. Saudade é o lirismo da Raza, lirismo madrigalesco nos poetas dos Cancioneiros; lirismo que se fai épico en Camões, místico en Frei Agostinho da Cruz, trágico en Anthero de Quental, ainda filosófico en Leonardo Coimbra. Lirismo que se fai profético nos beizos do Pobo, i-este profetismo está descrito polo poeta de «Sempre» n'unha páxina de «Os poetas lusiadas», que ficará imortal:

«...São os velhos que resam o térgo, á lareira, com os netos, em noites frias de inverno. O vento abala a choupana, gemen as arvores, e o pío solitario do mocho entenebrece más todas as vozes agoirentas que andam lá fóra, na treva... As vozes do misterio e do medo influem n'aquelas velhas almas cavadas em abysmo pela dórra, rumorosas de lágrimas, lá no fundo... São almas ampliadas pela velhice, como as sombras depois do meio-día. O sol exagera as sombras, ao aproximarse do ocaso, e o corpo diñata a alma, ao sentir a morte-próxima.. Por isso, os velhos têm um grande poder visionario nos olhos que misteriosas sombras amortecem. Entre a noite sem fim que os espera e a última restea de sol que os vae deixar, eles rezam as suas negras profecías. Os novos, os que ficam ainda no mundo, ouvemnos cheios de medo e atención.. A noite ronda e paiva sobre a choupana... Vêm-se-lhe os olhos a espreitar por um buraco do telhado... São duas estrelas... E os velhos falam, como embriagados de annos e de trevas, sob a influencia da velhice e da noite, rumorosa de agouros e figurada em espectros gemebundos.. E os novos, arrepiados de medo, ouvem aquellas palavras que jamais esquecerão: «A guerra tinha de vir; já meu avô a resava...»

«Outros são mendigos errantes. Tém a fronte queimada, toda en rugas; cabelo e barba inculta, en longos fíos que branquejam. Vão de porta en porta, curvados sob o peso d'uma sacola cheia de dóres e remendos, fincados n'un pau envernizado pelo uso e conhecendo todos os caminhos de vinte leguas en redor.

«Tomadas d'un ingenuo orgullo inconsciente, falam de alto e de longe, lá d'onde se descobre o que é invisivel para os outros. Falam n'uma voz nevoenta que lhes ensombra a máscara carcomida e musgosa. Anuncian pestes, guerras e o fin do mundo: —a lembran-

ça do anno mil entenebrceendo os longes da memoria popular, ou então o propio mundo a falar em nós da sua morte....» Tamén esto é merecente d'unhas poucos verbas, pra outro dia, se Dios quer, qu'haxa mais vagar.


Pol-o d'hoxe—pois que a exposición do lusitanismo saudosista do Teixeira, tampouco vai agora—direivos, xa que saiu o do lirismo, o seguinte:

Nos nosos días, a literatura d'«avant-garde» en Francia e nos Estados Unidos, non é lírica. Fai xa bastantes anos, Xenius intentou en Cataluña o que chamou «Art arbitrari», por oposición á Arte lírica, qu'él caracterizou d'un xeito definitivo ó lle chamar «interxeccional». Pois ben, os «cubistas» franceses e mail-os «neo-imaxinistas» yankis fan poesía puramente oxetiva, non interxeccional, fora de todo sentimento, ainda de todo pensamento—os «dadaistas», poño por caso—. «Rien d'aneidotique et de descriptif. Faire un poème comme la nature fait un arbre»—di o chileno Huidobro. E a contraparte, a contratendencia do saudosismo.. A «resaltación do sentimento» fai a poesía lírica, a poesía nosa; os cubistas non empregan outra facultade do espírito que a «imaxinación creadora».

Son duas artes que non teñen que ver a unha co-a outra: unha vai dar na mísica, outra na pintura. Os espíritos de susceptibilidade plástica, terán de ser cubistas; os de susceptibilidade musical, terán de ser saudosistas. I-o lirismo pode chegar no seu desenvolvemento a audacias tan insólitas, tan insospeitadas, como pode chegar o cubismo mais impasible, menos doido do sentimento. A sorpresa, que según Guillaume Apollinaire é o resorte da arte nova, non está negada ó lirismo. Lirismo foi o de todolos precursores da era nova; lírico foi Walt Whitman, lírico foi Verhaeren, e Mallarmé, i-Apollinaire. Líricos son os futuristas italianos, que fan lirismo ainda na pintura. Os futuristas son os líricos da Esperanza, como os pasatistas son os líricos da Lembranza.

Eu penso moi ben do cubismo, e xa o teño dito; mais coido que o dinamismo contemporáneo, non pode passar sen un lirismo interxeccional, e coido tamén que a atitude lírica n'este sentido, dice mais co-a idiosincrasia eminentemente musical da raza nosa—galega e portuguesa—na que, a mesma pintura, se ha d'haber unha pintura nosa, atlántica, base desenvolver «orficamente», en syncromías que, inda «creadas», han conservar un fondo parentesco co-as que a Terra espalla diante dos nosos ollos, deferentes cada dia. Ha ser unha pintura lírica, unha pintura musical, unha pintura saudosa.

A Saudade é a nosa força creadora,



«El caciquismo es necesario. Lo que pasa es que hay caciques buenos y caciques malos.» —LEONARDO RODRIGUEZ.

—«Deus me libre qu'o mellorciño dos caciques m'atope no seu camiño!»

é a que acende en nós a esperanza do rexurdimento, a arela futurista de crealo-Atlantismo, a nosa civilización..

«A força da divina · Saudade»—di Teixeira, comentando a Frei Agostinho da Cruz— é o sol de Deus que desabrocha as almas e as flores. E só é livre quem sentir essa força creadora das nossas acciones originaes. Repetir é ser escravo. Evidentemente, ha poucas pessoas livres n'este mundo.

A Saudade, verbo difuso dos poetas e do pobo lusiada —coma dos poetas e do pobo galego— toma figura viva encarnando en Don Sebastián, a figura central da historia portuguesa. Todas as esperanzas do pobo estaban n'él; a sua morte trouxo a escravidão da patria. Portugal sofríu o xugo do imperialismo castelán... «Chamam-lhe o «Encobarato», pelo ignoto brumoso e luarento que envolve a sua existencia longiqua e saudosa depois de Alcacer. E é o Desejado», porque ele se tomou no objecto íntimo e querido do nosso desejo mesianico de redempção. Também lhe chaman o «Rei que está no mar, aquele que ha-de vir n'unha manhã de nevociro...» Así, Don Sebastián é a figura central do libro do Teixeira.

Cinco períodos considera na historia poética de Portugal: «rural ou dionisiano», do Rei Don Diniz (séculos XIII e XIV), «a canção do primeiro amor»—

«marítimo ou henriquino», de Don Henrique o Navegante (séculos XV e XVI) en que «a alma lusiada atinge a plena consciencia do seu sér»—«sebastianista» (séculos XVII, XVIII e primeira mitade do XIX) en que «o sonho dos lusitanos se faz homem, para morrer en Alcacer-Kibir, e resucitar divinizado na Lenda Sebastianista»—«político» (segunda mitade do século XIX) en que «o sebastianismo confundese com as ideias liberaes vindas de França»—«neo-sebastianista» (século XX) qu'é o Desejo do seu regresso».

Toda a sustancia poética e trascendente d'ises cinco períodos, áchase espirimida i-esposta no seu ritmo sinificativo en «Os poetas lusiados». Nas suas páxinas, o delicadísimo aparato espiritual de Teixeira de Pascoaes rexistrou cada sístole e cada diástole do curazón de Portugal, Epopeia lírica que fai Historia' Sagrada da historia d'un pobo que hasta ten seu pequeno Cristo ideial na figura heróica e mesianica de don Sebastián. Canto d'amore, no que a alma lusiada está feita mísica, feita queixume, feita longa melodia saudosa. Breviario mísico, d'un misticismo étnico que afoga a divindade na atitude íntima, na arela imortal da alma d'unha Raza. Eis o libro de Teixeira de Pascoaes.

Todo eso poda faguelo grande e amado poeta de Amarante. Ten o poder de manipular-as abstracciós, de s'orien-

tar nas brétemas, de diluir o palpabel en meboeiros moito mais significativos pró espírito do que as concrecios que nos apresenta a realidade. Sabe trasformal-as «especies sensibles» en especies «intuitivas», que o espírito s'asimila directamente. E o arquitecto do indefinido. E, cando nos expedimentos do seu verbo creador, alonga infindamente as perspectivas da Lembranza e da Esperanza, traínos, e coma que nos pon nas maus ó Lonxe i-o Alén, e convierte en certidumes todal-as adeviñacións da i-alma saudosa...

Il é, con Camões, con Frei Agostinho da Cruz, con Antero, un dos mais grandes «Poetas Lusiadas».

VICENTE RISCO.

Ourense, Domingo Corredoiro 1920.

\*\*\*

No próximo número, «Guerra Junqueiro i Eça de Queiroz», outro notabre artigo do mesmo autore).

**Lea vostede  
A Nosa Terra**

## O teatro portugués en Galicia

A «Irmandade da Fala» da Crufia—mentras a d'Ourense adicase a propagar a literatura portuguesa mais moderna—ven facendo representar obras teatrais de Portugal que teñen todal-as simpatias do público cristián.

Era, inda qu'elo déanos vergonza conselalo, compretamente desconocida entre nós a dramática lusitana. Mas xa agora gracias á «Irmandade» da Cruña, vaise popularizando.

N'unha curta tempada teñense estrenado na capital de Galicia as seguintes pezas teatrais portuguesas, con grande aprauso do público; «Mater Doloros» de J. Dantas que represéntouse duas veces; «Unha Anecdota» de Marcelino Mesquita que se ten feito oito ou nove veces; «O dia de mañan», de Laranjeiro, outras duas veces, e «Fn de Penitencia» de M. Mesquita agora puxose a ensayó «Entre géstas» de Carlos Selvajen, o mesmo que algunas pezas cómicas.

O teatro portugués, axeitase moi ben ós noso gustos. Dinos mais ó espírito, xeral-

mente, que o teatro castelan como en nínguere decadente oxe.

E todo prova que Galicia, a nova Galicia nazonalista, quere estreitar co'a irmá Portugal, por tódolos meios, a sua amistade que mañan pode chegar a cousa mais fonda e trascendente.

Xa van sendo coñecidos entre nós os artistas e pensadores mais notabres da República veciña. Xa os nosos escritores iartistas, profesos no nazonalismo, comezan a estableceren reaccións fecundas cos portugueses.

E este é o camiño pra vermos todos triunfal a grande Obra.

Díceo a estrofa do noso hino.

«A vella Lusitania  
os brazos tende amigos...»

E xa na «Nosa Terra», escritores portugueses colaboran con amore.

## Qué cousas... ché

Os gallegos d'Avellaneda (Bos Aires) fixeron unha velada en lembranza de Consecución Areal.

E invitaron pra tomar parte n'ela a unha «tonadillera» andaluza.

A cousa évoo chocante, abofellas.  
Nin un Cristo éun par de pistolas.  
Mais senso común irmanciños!

## D'A EMIGRAZON



Era forte com'un croyo

## As miñas acotaciós

Con licencia do señor Director de "A Nosa Terra", vou amostraros as acotaciós que puxen a o marxe dalgúns artigos, poesías, contos, etc. conforme os fun lendo en diarios e revistas.

Régovos que non vexades nas miñas acotaciós mais que o bon desexo de servir a causa galeguista, da que son fervoroso namorado; e aqueles que se consideraren magoados xusgando adicadas a eles algunas verbas duras, se as houber, pensen que na sua man está libertarse das censuras, que polo demais, non serán endexamais produto da miña fachenda, coma tantas das que prodigan os pseudo-críticos.

Hoxe, para encomenzar, van unhas verbas d'actualidade.

### O estudo do gallego nos Estados Unidos

Según carta do Sr. D. José M. Osma, da Universidade de Kansas, dirixida á R. Academia Gallega, adoutouse como asinatura de grado n'aquela Universidade un curso de "literatura e filoloxía gallegas".

No Boletín da Academia publicouse a mencionada carta "sen facer ningunha crase de comentarios, que serían moi tristes" mais nós non debemos pasar en silencio tan importante noticia como non debemos tampouco calar un comentario.

En Portugal concédese gran importancia aos estudos literario-filolóxicos gallegos: os nosos traballos interesan tamén xica, Noruega, etcétera, etcétera, e os nomes de doña Carolina Michaëlis, Alberto Bessa, Teóphilo Braga, José Leite, José J. Nunes, Henry Bourgeois, J. Cornu, Samuel Schwarz, A. Padula, E. S. Doogson, Góran Björman, A. Lefevre, Laurente de Rille, Contamine de Latour, E. Osterberger, Hugo H. Rennert, Henry E. Lang, Ricardo Franz, e tantos outros, demostran que Galicia conta con más simpatias y é mais conocida no extranjero do que nas rexións "irmás", esceito Cataluña, que cecais por sentire as mesmas arelas, estivo sempre unida espiritualmente a nós.

Na Universidade de Kansas lembraronse agora de Galicia, como xa se tiñan lembrado anteriormente nas universidades de Yale, Oxford e Cambridge.

Entramente en España trátannos con desprecio cando non con noxo ou bulironamente; o que non evita que se nos aleume de separatistas eando, volvendo pola nosa dimidate, falamos o noso idioma nazonal e pedimos autonomía.

E que dirán eses que tanto berran cando falan de que en Inglaterra ou nos Estados Unidos hai cursos de español nas Universidades?

¿Non poderemos berrar nós co mesmo motivo?

¿E que se fai na Universidade gallega de Compostela?

Constituíuse ali recentemente a "Xumentude nazonalista" e d'ela agardamos unha labor fecunda. Xa veremos a onde chega o entusiasmo d'esa mocedade intelectual.

E. S. GALLEGOS

Na Cruña.

## Verbas sinxelas

### IDEIA DINA DE S'ESTUDIARE

Noso maior nemigo sempre foi o caciismo: d'él arrancan todal-as desditas, n'él s'afincan as forzas d'as novas libertades cibdadanas, por él Galicia xemeu abafada baixo tantos «deberes» i-afamada diante de tan poucos dreitos.

Duas «verbas sinxelas» irán oxe amos trando de refilón unhas ideñas qu'a min paráscenme de capital intréa dentro d'a sagra causa d'o nazonalismo gallego; de levalas a práiteca, eu teño a seguranza, habían d'introducir moi presto radicás transformacións n'-os espíritos e concencias, trocando por compreto a resiliación indina, a mansedume alritante que desde longos anos veu trabando con argolas de ferro o degenoramento d'a vida campesina.

Percisamos algo eisí como un Consultorio xeneral—nomearémolo J'tigún xeito—a onde poidan con confianza dirixirse nosos campesinos cando bárbaramente atropellados polos tiráns d'a terra non teñan quenes os defendan. Isto naide qu'houbera pulsado de preto as negras realidades d'a vida d'os campos pode poñel-o en dúbida. Un consultorio orgo de todo anticaciismo e nemigo de todolos caciques brancos e negros, marelos e bermellos, un consultorio defensor d'a dignidá d'agro, e digo d'agro por sere o que más dereitos ten, d'antre todolos que teñen dereitos, ás xustas reivindicacións.

O caciismo, o gran ladrón d'a Terra, buscou sempre sua impunidá n-somas por iso ten mercad'a publicidá i-o libre exercicio de todal-as profesións: i-eisí s'esprica que namentres os diarios mais «populares» faguendo alarde de novelesca narración adicaban páxinas enteiras a hinchal-a hostórea d'un roubo insinuante e non poñían o nome tan siquera d'os grandes estafadores, d'os qu'arruinaban familias enteiras, i-as «autoridades» que intervían en calquera ratería, non tomaban cartas

n-outros asuntos trascendentais, nin parecen abogados capaces de proponer unha aición reivindicatoria, i-o embarcar unha casa suntuosa por 18 pesetas de contribución ficaba impune, i-o vender en subasta misteriosa 400 ferrados de terra por 24 reás e unha perra alcontraba galardón; e nada diremos d'o feito de figurar unha propiedade radicada n-un soilo Auntamento, amillarada en dous distintos o mesmo líquido impníbre.

Os doidos salaios d'os nosos labregos afogáronse sempre aló n'o fondo d'as suas esquenidas aldeas, alí s'esmorecer sempre seus últimos lamentos sin que un soilo «representante» tivera duas verbas pr'adicarle n'o palramento e sangue moitas veces impunemente derramado polos seus paisanos n'-os nativos eidos, sin que un xornal tivera un «Requiescat in pace» pras vítimas de tantas inxusticias, sin que tan siquera unha campanada d'Anllóns que diría o poeta, recolleitara suas bágoas n'-as queixumbrosas badaladas...

Pois ben, pra qu'isto fine xa, pra que non suceda mais, pra que amparados n'-ista defensa a lexítima reaición veña, pra que a rebeldía s'espalle com'una imponente labarada por onde haxa espíritos bós e xenerosos, pra que con mais rapidez se vaia faguendo ambiente, pra que todolos pobos se sintan por igual conscientes d'os seus dreitos, pra que as aspiracións cibdadanas non fiquen n-o apreixoadoo reduto d'un horizonte aldeán, pra que a estafa sexa conocida i-o estafador delatado e perseguido, pra que tral-o crime non veña a impunidá e sóbor todo pra que o idealismo nazonalista s'impoña, hai que acabar coa indefensión qu'abafalla a cidadanía d'a Terra Nosa.

Isto soilo se conquire c'un Consultorio e con un diario nazonalistas. Trala desaparición do medofiento pantasma d'as venganzas caciás virán os tempos qua anunciaron nosos bardos i-a voz d'os pobos todos cal un heraldo subrime fará resoar en todolos peitos as verbas sagradas d'a nova libertade cibdadana.

S. GARCIA-FERNANDEZ DE BODAÑO.

Negreira, País de Barcala Antroido de 1920.

Prégase a todolos suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao administrador pra facer a reclamación no correio.

Prégase asimesmo aos que tienen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

## ARTE ENXEBRE

**Os grandes éxitos do coro "De Ruada,"**

O Coro ouresan «De ruada» ven de dar, c'un éxito eramoroso tres funciós no Salón Apolo. N'elas demostró ser merecente da sona que xa ten esta nobel agrupación artística, e que vai medrando de día a día. A xente foi tanta nas tres funciós que houbo que poñer ringleiras de sillas suplementarias, que xa non había entradas dend'a víspera pola tarde, i-o último día, houbo moitas que daban por unha tres ou catro veces o seu precio.

Deu a coñecer o Coro cántigas novas que o seu Director Daniel González foi recoller polas aldeas e que gustaron moito. Citaremol-a «Pandeirada de Trasalva», e duas fermosísimas «Espadeladas» da Arnoya das que a derradeira é unha verdadeira xoya da música popular galega. Cántanas además con arte e con alma.

A persentación do Coro, de traxes, de decorado—un fermoso fondo da ribeira da Abeleda, feito por Camilo Díaz—d'accesorios, foi verdaderamente impecable.

Tamén estrenaron catro comedias que foron catro grandes trunfos pr'ò noso irmán Xavier Prado, escritor no que as boas tradicións do inxenio galego, do humorismo ledo de Benito Losada e Lamas Carvaxal, teñen un brillante seguimento—e pr'òs actores do Coro «De ruada», que il formou, e que son de tal xeito que non haberá moitos melhores no xénero cómico.

Xavier Prado, que co seudónimo de «Lameiro» foi a i-alma de «O Tío Marcos da Portela» na sua segunda e recente época, é coñecido tamén polas suas producções teatrais e polo seu libro «A carón do lume», no que a «musa das aldeas» renaceu mais moza, mais fonda d'observación, mais leda d'inxenio.

Dos seus estrenos d'agora, «Almas sinxelas» é unha fina comedia d'amor, un caso sinxelo antre sinxelas almas aldeáns. «A retirada de Napoleón», far-sada na que o Coro loce o mais variado do seu repertorio, que ten n'un dos eadros a escea belísima das mozas espadando o liño e cantando as duas «espadeladas» que deixamos dito, é un caso «drôlatique» que lle pasa a un candidato cuneiro, papel no que se fixo aplaudir moito Miguel Calviño. O mesmo «genre drôlatique» pertence o divertido diálogo «Estebiño», no que Prado presentámos ó vivo un tipo de parvo do que Antonio López fixo unha estupenda creación. «O cego da Xestosa», divinamente interpretado pola Sra. Avelina Espiñedo e Virxilio Fernández é outro

tipo arrincado da vida que nos divierte c'un espantoso críme cantado e recitado.

O público tributou ós artistas enormes ovacions, e chamou moitas veces a Xavier Prado ás táboas a recibilos aplausos.

O entusiasmo en Ourense foi, como dixemos, grandísimo, i-os artistas recibiron moitos osequios dos seus admiradores. A familia do abogado Sr. Sabucedo, presidente do Coro, osequiou ás lindísimas rapazas d'iste con ramos de frores i-artísticas caixas de bombós.

O Coro «De ruada» puxose á altura dos millores de Galicia, i-é seguro que ll'agardan moitos trunfos na sua carreira artística.

\*\*\*

Tamén o veterano coro «Toxos e flores» do Ferrol conquireu un grand' éxito coa festa brillante que ten feito pra inaugurar o seu novo domicilio.

O concurso que abriu resultou dino de tódol-as loubanzas. ¡Terra a Nosa!

**Diante unbas mámoas**

Poesía premeada nos Xogos Florais de Compostela, de 1916.

Lema: Os celtas.

Ou, celtas valentes,  
que cando d'Europa nacían as razas,  
de lonxe viñéstedes,  
pra ser a semente da raza galaica,  
pra vosco non houbo  
nin pazos soberbos nin rexias moradas.

Vivindo nos bosques  
e mais n-os curutos d'ergueitas montanas,  
carouvos o vento  
e o sol, c-o seu lume, curtiuos a cara.

E fóstedes duros,  
e fóstedes rixos do corpo e da yalma,  
coma os pedregullos  
que nas vosas loitas servíronvos d'armas  
ou pra defendervos

das bestas da serra que vos atacaban.  
E cando na guerra  
ou vellos, a morte con vosco acababa,  
acougo alcontrábades

d'un vivir sin folgo, eiquí, n-issas mámoas  
que ó cabo d'os siglos  
que van decorridos, de vosco nos falan.

D'os peitos maternos  
que, fortes y-amantes, a vida vos daban,  
as formas redondas  
nos vosos sepulcros tan ben imitadas

s'alcontran, qu'o povo  
lle puxo más tarde o nome de mámoas.

A vida qu'empeza  
e a morte que todo derrea y-acaba,  
vosoutros na cova  
quixéstedes, celtas, quezáis axuntalas  
n-un símbolo que boxe  
consérvase cuase como antes estaba.

; Ou celtas valentes,  
qué poucas virtudes quedaron na raza  
da vosa semente;  
d'aquelas vertudes qu'en vosco brilaban...!  
Si un día s'ergueran  
os nobres guerreiros de férrea yalma  
que n'estes sepulcros  
repousan, e viran o estado da Patria,  
que certos manates  
de nai convertiron en fera madastra,  
non sei s'indinados  
quezáis se tornaran pr'ò fondo d'as mámoas  
traendo consigo,  
eravados na punta da pétrea lanza,  
os chismes con que hoxe  
os fillos d'os celtas dan suas batallas,  
que son catro votos,  
a urnia, un pucheiro e mais unhas autas.  
; Qué tempos aqueles  
qu'as vosas proezas virís ilustraban!  
; Qué tempiños ístes  
de xente bafua, cativa y-escrava...!  
; Qué foi, ou guerreiros,  
da vosa semente...? Queimouna a xiada,  
e n'esta terriña  
tan soyos quedaron ou toxo ou cizaña.  
; E fillo d'os celtas,  
bufando d'argullo, inda hai que se chama...!  
D'os demos do inferno,  
d'os lobos do monte, d'as cobras da fraga  
serán tales fillos,  
que non d'os que dormen eiquí, n-istas mámoas

Seguidice durmindo,  
pra non ver o estado en qu'hoje está a Patria  
que, celtas, fundástedes  
cando é que d'Europa nacían as razas.

**ABELINO RODRIGUEZ ELIAS.**

\* Escribin istes versos dimpois de visitar  
unhas tumbas célticas que hai no Peniche  
d'Arriba, perto do Castro romano de Negros,  
antre Vigo e Redondela. (N. do A.)

**O INFINIDO**

(De Leopardi)

Sempre doume pracer este ermo outeiro  
l'esta gándara qu'a unha veira y-outra  
D'o leixano hourizonte a vista cerran.  
Mais sentado y-ollando o interminabre  
Espazo que s'estende, o sobruman  
Silenzo, e profundísima quietude.  
O pensamento ferme, y-eu maxiao  
Qu'o curazón ten medo. E como o vento  
Oyo brúar ó meu redor, en este  
Infinido silenzo, y-estas voces  
Vou comparando, y-o presente  
E vivo y-o seu son. No médeo d'esta  
Imensidáde afonda o pensamento:  
I-é dóce n'este mar o naufragare

ANTONIO LOSADA DIEGUEZ

**AOS NOSOS LECTORES**

Pol-a falla de papel do que merecébamós  
para o boletín, tivemos que votar man do  
que leva o presente número. Agardamos  
polo tanto disimularán este troque de pa-  
pel fillo de forza maior.

## Os nazonalistas compren c' o seu deber

### Carta aberta

Pra o Sr. D. Ramón del Cueto:

Nós non lle temos tacañeado loubas cando vosté tivoas merecido. Coidámono ademais, home de boa vontade. Pólo mesmo, oxe queremos adicarlle estas liñas feitas moi de presa pra aconsellarlle que non volv'a dicire cousas á lixeira que, xa que non teñen cativa intención, folgan afé.

Vostede ten razón d'abondo cando fala no seu artigo d'«A Voz de Galicia» nomeado «La hora de los técnicos» do vergonoso da inexistencia de ferrocarrís en Mondoñedo, Viveiro, Ortigueira, Noya, Carballo, Chantada, Carballedo, Villalba, Verín, Mondariz, A Estrada etc. Como ten ainda razón mesmamente ó dicire que rae o curazón vér algúns Concellos sin carreteiras, e sin telégrafo nin teléfono moi más.

O qu parez xa un pouquichinho lixeiro é este trecho do seu artigo: «Mucho hablar de nacionalismo, de regionalismo, de patria chica y de Galicia nueva y lo que venimos observando es que nadie se mueve».

Certamente os que falan de patria chica, e de «regionalismo bien entendido», moi amigos de vosté algúns d'eles, non fan senón falaren, termando de que lles dean «bombo». E eses, si se moven, por vanidá é.


Mais os que falamos de nazonalismo, evanxelizamos c' o exemplo, loitando arreo pra galeguizar a Galicia, pra crear un espírito coleitivo, tendo contra de nós os «ricachós» (que en ningúres coma na nosa Terra merecen aquel nome despeutivo que dera a outros Baltasar Gracián), os caciques e tódolos servos d'estes, entr'os que figuran cá que tódolos xornaes galegos.

Teríamos ferrocarrís, carreteiras, telégrafos e teléfonos, si en troques de cuneiros, contásenos con diputados, e si en vez do centralismo noxento que nos apreixa i-escraviza poidéramos desenrolar libremente as nosas enerxías, impondo no propio Goberno os galegos millores. Por mor do centralismo, no logar de cidadáns, temos escravos, e en vez de homes rexos, xentes medoñentas, ben escarmentadas logo de seren vítimas de traxedias tan miserabres com'as de Oseira, Nebra, Narón, Sofán e tantas mais.

Os siñores da «patria chica» e do «regionalismo bien entendido» non roparan n'estas pequenezas. Inda mais, pónense cabo dos caosantes d'elas, adulando a tódolos cuneiros e fabricantes de cuncirisino.

I-esi, morto o espírito cidadán, tendo un territorio con habitantes (e inda a emigración leva os melhores) mais va-

## A GRAN OBRA, por Castelao



Non lle poñades tacha a obra mentras non se remata. O que coide que vai mal que traballe n-ela; hai sitio pra todos.

leiro de cidadáns, de patrietas do terror, porque os nosos ricos son os piores nemigos da cidadanía, que progresos materiais se quere conquerir? Ou coida alguém que toda cosa material deixá d'estar avalada, de lonxe ou de preto, por un pulo espiritualista, idealista?

Os nazonalistas galegos, dende que autuan, e vai pra catro anos —catro anos ben aproveitados porque n'eles se mentamos un ideal outo que comeza a dar froitos, e non morrerá endexamais— sempre nas suas propagandas termaron do mesmo que vosté terma, Sr. Cueto. Os nazonalistas galegos deixaron ouvir-se en tódolos mítis polo ferrocarril da Costa qu' é intolerable que se non faiga, e que de non facerse axiña obligará a cantos pensamos e sintimos, que somos poucos ainda, a ter vergonha de nos chamar hispanos. Os nazonalistas galegos en folletos i-artigos e discursos —imprentado temos meito sobriistas— cousas galegas, a ouración de Porteiro, verbigracia, cand'a inauguración da «Irmandade» de Santiago, —dixemoslos os ricachós i-os banqueiros da nosa Terra tod'o que se pode dicire. Acuciamos en cantas ocasións persentáronse os homes de cartos i-los políticos noxentos

que sofrimos. Inda na derradeira Asamblea de Santiago puñemos na picota os capitalistas da Cruña e d'aquela ciidade.

E crea o Sr. Cueto que, si os nazonalistas galegos coma temos xente de moita talento e de moita vontade, tivésemos xentes de cartos connosco, os principais pleitos galegos estarían xa resoltos. Mais a xente de cartos inda non ven a nós; pro virá cando se decate da nosa força e da nosa virtude, como foi en Cataluña i-en Euskadi.

E disimule o Sr. Cueto, que lle teñimos adicado estas liñas sinxelas.

A. VILLAR PONTE.

## O Ideal Ga... ssetista

E chámase «Ideal Gallego» un xornal que nin xiquer quixo publicar a nota oficiala anunciando a abertura da Exposición de Castelao? Mentres anuncia unha allea.

Poderá ser o ideal do gassetismo, e qué o sexa por moitos anos.

Hai cada xornaliño en Galicia!

E logo falan de progreso... E de «regionalismo bien entendido...»; Fora os sepulcros branqueados...!

## CARTAS DA ALDEA

### Elecções, tabaco, e papel sellado

Días craros, días de vran. Céo limpo e sol espréndido. O pequeno Febreiro, antuverte i-enredadore, tróuxonos este ano o regalo manílico d'un tempío bô. Puiden, coma aiô no mes de mayo, papal-a d'óce rayola sentado no meu longo balcón de pedra.

Na paz do serán, lía esas cousas raras da política que os xornáes contan sucedidas en Madrid, e que aquí coase faixe impoible crér i-entender.

Aquí non estamos afieitos a buscal-a verdade tras do enmarañado follaxe dos mentireiros convencionalismos sociáes.

Goríño que m'escoita, non se esprixia que poída haber mais que dous bandos políticos: o "vello" e o "novo". Arregala os ollos cando oi falar de poderes ocultos que se imponen aos gobernantes. El sabe que si D. Policarpo —o cacique do bando vello que é o que manda—, descobrese calquera intento de rebeldía, inzaria o puño da sua vinganza i-esmagaría debaixo d'él as testas, desxuízadas que tal cousa concebiran. El sábeo por esperencia, que inda leva os emplastos postos enriba das feridas, que lle fixeron os paus aguantados despóis d'as derradeiras elecções.

Goríño é do "bando novo" e cuido que os "señorilos" que o dirixen teñen o corazón san i-a cabeza chea de grandes ideias. Probe Goríño, non sabe que esos rapaces son da derradeira niñada dos cucos, e que fervorosos, palpan de cote os seus estómagos insaciabres.

Pro, boeno, Goríño non vai c'os que mandan e esto xa val moito. Atixose xa a levar paús e a non dobrarse; sa'e xa protestar e non ter medo. Goríño é unha esperanza. Cuido que logo ten d'habere moitos Goríños que serán os cimentos da redención galega.

O serán morre pasenijo. Tiro c'os xornáes, e xiro a miña ollada pol-a campia silenciosa.

Un veciño que pasa pol-a vereda pergunta me se teño tabaco. ¡Quén-o 'vira! Van xa moitos meses que nos estancos aldeáns non se vende nin unha pola d'él.

Haberán en Madrid; nas vilas grandes repartiráse algúm de vez en cando; pro n'estas aldeas esquecidas e mansas, n'estas terras pacíficas e boas non-o atoparemos nin por casualidade. Nos, os habitantes do campo, non percísamos vicios, e o do tabaco é o, e moi grande. O Goberno é sabio e mira pol-os seus gobernados aínda qu'elles sexan da derradeira cras.

A estanqueira é quen mais lástima me dá; pois vai ter que pechal-o estanco. A probe chora e sabe que no adro falouse o domingo do catacrismo que a espera. De

moi boa tinta sábese e dise que pra o mes que ven non se repartirán sellos nin papel sellado.


¿Qué vai a ser de nos? Ali acordaron os veciños iren en manifestación a xunta don Policarpo a pedirelle que fixe que nos estancos non faltase papel sellado d'abondo. El disque prometéu que pra os seu eleitores non faltará.

O Sidro, que por causa de Goríño votou en contra dos vellos, está inconsolable. Tiña que demandar a o seu irmán por custión da partillla e teme que por non haber papel sellado, non poida facel-o. ¡Meu Deus, que non falte papel sellado!

GONZALO LOPEZ ABENTE.

Mugia, Febreiro de 1920.

## O DIPVZADO POR VEIRAMAR NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENTE



Esta interesante e modernísima novela en idioma gallego, está posta a venda nas principales libreriás de Galicia.

**PRECIO 3 REAS**

### Compendio de Gramática Gallega

**PRECIO 2 REAS**

### VÉNDENSE:

Na Cruña . . . Administración «A NOSA TERRA» . . . Maria Pita, 77.  
IRMANDADE DA FALA.

Ferrol . . . Librería de Comadira.

Lugo . . .	{	Id. id. Gerardo Castro.
	Id. id. Viuda de Alonso.	

Santiago . . .	{	Id. id. Angel Porto.
	Id. Editorial «Eco de Santiago».	

Orense . . .	{	Id. id. Viuda Pérez Resvié.
--------------	---	-----------------------------

Monforte . . .	{	Id. Antonio Fernández Piñeiro.
----------------	---	--------------------------------

# Escandaloso!!!

A primeira medida do clauso da «Universidade autónoma» de Galicia foi nomear por unanimidad Reitor o cacique gacipreste Lino Torre. Xa protestáronos nós contra tan vergonoso nomeamento.

¿E agora non dicen por Santiago que Lino Torre quer nomear a dous sobrinos auxiliares, un de Direito i-outro de Medicina?

Si fose certo... Como é certo que suprimíuse do presuposto o adicado pr'a facultá de Cencias en Compostela, e como é certo que van suprimir a Escola de Veterinaria... En troques os estudantes nazonalistas pidirán a cátedra de galego.

## A glorificación de Castelao

Así pode chamarse á Exposición que ten aberta no «Circo d'Artesanos» da Cruña. Aquela é unha cousa imensa, enorme; aquello é obra do mais outo xenio da nosa Raza.

Castelao fixo o primeiro gran poema gráfico da nosa Terra. Evanxeliza e apostoliza o arte. Tod'a poesía de leita dos nosos poetas, está acesa nas suas cartulinas. Tod'o sentimento galego, latexa nos dibuxos do irmán e mestre.

Fenestras abertas á i-alma da Patria asoballada, son os corenta e nove traballois de Castelao.

A Terra nai débelle ó imenso artista —que pertendeu aldraxar un miserabre miñato caciuil— o homenaxe mais esgrevio, feito fonda i-eterna gratitud.

Ali onde haxa un bô galego, ali terá d'haber un espírito axionllado con agarrimo i-amore, diante do xenio do xigantesco artista.

¡Mocedá d'estrelas, cingue a coroa dos loureiros trunfaes ás sens de Castelao!

Que il é o primeiro gran galego entr'os poucos grandes galegos d'agora e de sempre.

## Unha obra de Mirás

N'unha vidreira da Rua Real da Cruña, ten mostrado ó público, López Mirás, un busto d'un rapaz qu'é cousa moi artística e dina das maiores loubas.

López Mirás, noso querido irmán, que xa ten sona de bô escultor, con esta nova obra conquíren outro merecemento mais ós ollos de tódolos intelixentes.

Dámolle a nosa embora si ceira e garimosa.

## Adeprendamos

## Comparanza odiosa

Dise que todal-as comparanzas son odiosas. Mais xa que se fixeron comparanzas entre Manoliño Quiroga e Manén, imos votal-o noso coarto a espadas. Queremos probar que hai pouco senso común na maioría das xentes que coidan que discorren.

¡Manén, millor que Quiroga? Ouvindo un a pé do outro, tocando entram-

bos as mesmas tocatas, poderíanse xuzgar. D'outro xeito...

¡Mais execución Manén que Quiroga! Isto inda certo, que non' o é, pouco diciría, xa que o catalán ten mais de corenta anos i-o galeguín vintacincos. Este, vai crescendo en facultades i-aquel descendendo, por lei natural. Non sería, pois, o dito, en ningures superioridade. Porque Manoliño ós corenta superará ó outro. ¡Se agora xa se discute quen val mais ou menos..

D'execución, son moi igoaliños. ¡E de gusto? ¡Onde pode compararse a i-alma moza ateigada de arte do noso compatriota co'a de Manén?

Pois agora, fixaivos: Manolo, despois de coase tódolos concertos que dou ante públicos «non galegos», foi ovacionado con entusiasmo. Esto non liofan a Manén. Manolo, en Pamplona, polos intelixentes, cheos de fachenda co'a lembranza do seu Sarasate, conquíreu manifestacións de tolo e fervedor afeuto.

Manolo en Londres e Nova York, pódese probar con testigos «non galegos», que colleitou mais aprausos e tivo mellores contratas que Manén.

E Manolo, derradeiramente, inda sendo mozo de vintacincos anos, coase un prencipiante, non daría cinco concertos na Cruña, coma Manén, e dous—pra colmo—no mesmo día. E cobrando menos que o noso peisano.

Agora que os parvos sigan co'as comparanzas. E que adeprendan dos catalás que non permiten discussións sobre os seus a quienes por patriotismo prausible xuzgan sempre superiores ós estranos. No que fan moi ben.

X.

# A FARTANZA

DE —

## CRISTINO P. REY

Esta casa vende os melhores viños de «Lágrima» que se recolleitan en Málaga.

Tamen vende as melhores conservas galegas i-estranxeiras.

Gran surtido en lacós e chourizos de Lugo,


Ninguén ten viños de Valdeorras melhores. En augardentes e viños quinados n-hay casa como esta.

Coñas d'as mejores marcas.

Rua do Progreso, 40 — A CRUÑA

False cárrego de todas  
as cras de traballos grá-  
ficos, en imprenta, litog-  
rafia e fotograbado,  
ansí como sellos de  
caucho

## A Papeleira Galega



BARREIRA, 7

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRABADO  
Telef. 434

A CRUÑA

## "PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganhou Diproma de Hono-  
re, Gran premio e me-  
dalla d'ouro nas Exposi-  
ciones de París  
e Londres.

### REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell { Vigo  
Coruña



## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos,  
Montevideo e Bos-Aires

O día 8 de Marzo de 1920, aprosimadamente e salvo continxencias, sairá do porto  
da CRUÑA o paquebot correio francésde 10.000 toneladas.


## Samara

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 359'60

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUÑA



## Compañía Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da  
CRUÑA sobor do 13 de Marzo, o lixeiro e magnífico vapor

## MALTE

de 10.000 toneladas

Admite pasaxeiros de cámara e 3.<sup>a</sup> cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 359'60

Nenos mais novos de dous años, un gratis por familia.

De dous a 10 años, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 años, pasaxe enteiro.

**NOTA INTERESANTE.**—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 años, chauadas polos seus maridos, non poderen embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitíndolle o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorizacions, nin podercs dados ante os Cónsules hespaños.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da sua familia.

O dia fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

**ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA**

**EFEKTOS NAVALES**

— DE —

FERRER Y COMPAÑÍA — SUCESORES

**F. BERTRAN e MIRAMBELL****Vigo e A Cruña**

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

**GRAN FONDA  
Las Cuatro Naciones****San Andrés, 102 — A CRUÑA**

O novo dono dista fonda, no seu desejo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**LA MODERNISTA  
GRAN SALÓN DE BARBERÍA**

— DE —

**RAMOS E ACEA****San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA**

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todolos aparatoss higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, locios e fricíos de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopara o públíco un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD  
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

**Compra e Venda**  
de máquinas de coser de todolos sistemas.

Reparaciós e amanío das mesmas. Venda de pezas soltas, agullas e aceites.

Taller de reloxeira: Traballois especiaes para reloxeiros

Dirixirse a

**MANOEL PELLEJERO**

San Andrés, 76 - baixo — A CRUÑA

**Materiales de Construcción**CEMENTO ASLAND  
MADEIRAS — CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

Ignacio Pedregal  
A CRUÑA**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Raíña), 21 — LUGO

O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Frábica Mecánica  
:- de Calzado :-**

— DE —

**ANXEL SENRA**

RUA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**Hotel Continental**

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28

O MELLOR SESVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**

A CRUÑA

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE**

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos astabreccimentos dala crase que más honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

**Servicios direitos dende o porto da Cruña**

aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a

**Habana e Veracruz** o rápido paquete correo**Prezos do pasaxe (incruidolos impostos)**

		Habana	Veracruz
Primeiracrase	Ponte paseo:		
	Camarotes de luxo. . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. esteriores. . . . .	» 1.668'75	1.753'75	
Ponte superior:			
	Camarotes esteriores. . . . .	» 1.498'75	1.593'75
Id. interiores. . . . .	» 1.293'75	1.378'75	
Ponte inferior . . . . .			
	» 1.293'75	1.378'75	
Segunda crase. . . . .			
	» 1.103'75	1.068'75	
Preferencia. . . . .	» 808'60	798'60	
TERCEIRA CRASE. . . . .	» 328'60	343'60	

O dia fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que deseche embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbior de datas de saída prezos de pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consignatario.

**D. NICANDRO FARÍÑA.—Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo**

# LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

**Xuan Vázquez Pereiro**

A mil'or fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua  
estreita de San Andrés.—**A CRUÑA**

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días  
unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes  
como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o  
mais cativo cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse  
côs millores productos i-a limpeza mais eisquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDES VOS

## Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez  
*Fronteira*, fundada en 1734. A casa más antigua de Xerez.

## O vermouth mais selecto

de mundial e reconocido sona é o ZINZANO (*Torino*).


## Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Señores  
R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: *Pazo da Equitativa*.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

## JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña



## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIÁ

Saidas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.ª, 12.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respeuto a datas de saídas e prezós de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

**D. Raimundo Molina e Couceiro**  
CONSIGNATARIO  
NA CRUÑA E VIGO



**GRANDES TALLERES**  
DE LAVADO E PLANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursais na Cruña:  
Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4  
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:  
Circo, núm. 5

Todas as nosas sucursais ostentan un  
letrero como sinal, qu'é reprodución da  
marca de garantía eiqui estampada.

Recibense encárregos de fora, y es-  
pidense por medio das nosas sucursais.

Si no lugar onde vostede reside  
non-a hay, sirvase manifestarnos seus  
desechos de mandárenos os seus encá-  
rregos.

## EL NOROESTE

### XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)

## LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina  
pol-os acretados vapores-correios.

Rúa de Compostela, esquina a Praza de Iugo